



XUNTA DE GALICIA

MEMORIA

GRUPO DE TRABALLO

02506197.

(PFPP-O20531102)



CURSO 2025/2026



CEIP PLURILINGÜE MANUEL SUEIRO

ÍNDICE

1. Características do contexto no que se desenvolveu o seminario.
2. Variacións introducidas respecto do proxecto inicial
3. Consecución dos obxectivos
 - a. Obxectivos propostos
 - b. Obxectivos acadados
4. Contidos desenvolvidos e actividades realizadas
 - a. Contidos desenvolvidos
 - b. Actividades realizadas
5. Metodoloxía
6. Organización dos recursos humanos e materiais.
7. Temporalización
8. Criterios e procesos de avaliación empregados
 - a. Avaliación conxunta.
 - b. Avaliación individualizada.
9. Conclusións logros e incidencias no centro.
10. Relación detallada de materiais didácticos e documentos que se entregan

1. CARACTERÍSTICAS NO QUE SE DESENVOLVEU O SEMANARIO.

A análise previa do centro sinala o entorno do recreo como o foco crítico na xeración de conflitos. A carencia de estímulos variados e a organización tradicional do patio favorecen situacións de desigualdade e enfrontamento. Por este motivo neste curso académico 2025/2026, no CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro, vimos a necesidade de formarnos en patios dinámicos e inclusivos pola que realizamos o Grupo de traballo que chamamos "Creando e humanizando os patios coeducativos". A través desta formación Patios vivos: Xogo e cultura para naturalizar a infancia da cooperativa Miudiño de Vigo traballouse para intervir directamente nesta problemática, convertendo o tempo de lecer nunha oportunidade de aprendizaxe social e non nun foco de tensión entre o alumnado e fixemos fincapé o recoñecemento da diversidade do Manuel Sueiro.

Nas reunións seguimos a temporalización proposta no proxecto. O grupo de traballo comezou a súa actividade o 17/12/2025 rematando o 10/05/2026. Ao longo destes meses todos os compoñentes do grupo participamos nas reunións propostas e seguimos a temporalización prevista. Traballábase sobre a orde do día prevista e ao rematar e propúñanse tarefas para preparar a seguinte sesión.

Para garantir que a transformación do patio respondemos ás expectativas de toda a comunidade educativa, levamos a cabo un proceso de análise colectiva. A creación de ferramentas de consulta (cuestionarios) e a posterior interpretación dos datos foron actividades clave que fixemos en equipo. Este proceso serviu como punto de reflexión estratéxico, permitíndonos escoitar as voces das familias e do alumnado, e dándonos a base necesaria para deseñar un patio máis inclusivo e dinámico.

O bo funcionamento do centro, e a dinámica de traballo en que se atopa inmerso, facilitou que o desenvolvemento das sesións programadas se desenvolveran de xeito moi satisfactorio.

2. VARIACIONES INTRODUCIDAS CON RESPECTO DO PROXECTO INICIAL.

Decidimos implementar todo o traballo previsto no proxecto inicial, cumprindo coa temporalización establecida no seminario “**Creando e humanizando patios coeducativos**” e desenvolvemos un proceso de reflexión profunda arredor dunha pregunta clave: **Como mellorar o patio escolar para que se converta nun espazo verdadeiramente restaurador?**

A nosa visión parte da premisa de que o xogo libre non é só un tempo de lecer, senón unha necesidade biolóxica. Entendemos que un deseño do espazo que facilite o xogo espontáneo permite unha **estimulación cerebral óptima**, adaptada ao ritmo de desenvolvemento de cada individuo. Ao transformar o patio nun contorno máis humano e diversificado, o noso obxectivo prioritario é crear unha atmosfera de benestar que actúe como factor de protección, logrando así **reducir as condutas de risco e os conflitos** derivados dun espazo excesivamente ríxido ou monográfico.

3. CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS.

Con respecto aos obxectivos que nos propuxeramos inicialmente, sentímonos satisfeitos, e con ánimos para continuar co noso proxecto os anos posteriores:

3.1. OBXECTIVOS PROPOSTOS

- Facilitar o coñecemento teórico que nos permita xustificar a intervención e valorar necesidades a incorporar no proxecto de patios coeducativos.
- Analizar o uso actual do noso patio escolar.
- Sensibilizar sobre a coeducación no espacio exterior.
- Ter sempre presente a lexislación en seguridade dos patios exteriores.
- Diversificar as propostas do xogo e actividade que xiren o xogo cooperativo, con zonas tranquilas, creativas e de exploración.
- Potenciar o aproveitamento do amplo espazo dispoñible máis aló do pabellón cuberto.
- Fomentar a convivencia e a resolución pacífica de conflitos.
- Impulsar a participación da comunidade educativa.
- Elaborar un plan de intervención realista, establecendo fases de implementación progresiva e avaliación.
- Incorporar elementos naturais sempre dende unha perspectiva sostible.

3.2. OBXECTIVOS ACADADOS

Os obxectivos propostos moitos foron acadados satisfactoriamente e outros seguiremos traballando neles os cursos seguintes. As expectativas iniciais sobre o curso e os contidos traballados cubriron as nosas expectativas pero dicir que estes obxectivos son moi a longo prazo

3.3. OBXECTIVOS NON ACADADOS

Incidir na continuidade deste plan de formación xa que está pensado para acadar estos obxectivos a longo prazo (4 anos mínimo)

Humanizar: Poñer á persoa e as súas necesidades emocionais no centro do deseño.

Coeducar: Garantir que o espazo non segregue por cuestións de xénero ou habilidades físicas.

Restaurar: Ofrecer un refuxio que baixe os niveis de cortisol (estrés) e favoreza a convivencia pacífica.

4. CONTIDOS REALIZADOS E ACTIVIDADES DESENVOLTAS.

4.1. CONTIDOS

- Patios vivos e coeducativos.
- Ocupación do espazo e xénero.
- Xogo libre. Espontáneo, voluntario e dereito universal.
- Tipos de xogo: competitivo vs inclusivo.
- Dinamizacións dos recreos.
- Características dun espazo restaurador.
- Tipoloxía dos espazos: movemento, xogo simbólico, creatividade, calma, faladoiro, horto
- Seguridade e naturalización

4.2. ACTIVIDADES

- A primeira actividade realizada foi a elaboración do proxecto deste Grupo de traballo, e que xurdiu despois de reflexionar profunda sobre a necesidade de reducir os conflitos nos patio e sobre todo para que os nosos alumnos con diversidade funcional vaian a desfrutar do seu espazo lúdico e non sexa un tempo de sufrimento para eles. Chuvia de ideas "Que pasa no noso patio? Mapa actual do noso patio (zonas, usos, conflitos). Diagnóstico inicial compartido.
 - Lista de problemáticas concretas do centro.
 - Análise por parte do profesorado da bibliografía que recompilamos para poñermos o día antes da primeira charla de formación.
 - Despois da 1ª docencia sobre xogo e cultura para naturalizar a infancia puxémonos mans a obra e cubrimos os cuestionarios implicando a toda a comunidade educativa (familia, alumnado e profesorado)
 - Análise de toda a información dos cuestionarios.

MEMORIA GRUPO DE TRABALLO O2506197
CREANDO E HUMANIZANDO PATIOS COEDUCATIVOS 2025/2026

CEIP PLURILINGÜE MANUEL SUEIRO

- Despois da charlas sobre Seguridade e naturalización o equipo de profesores puxémonos mans a obra para rematar de facer a zonificación sobre o plano da nosa escola e elaboramos un Genially que serve como folla de ruta visual e técnica do noso patio ideal.
- Formación para analizar o noso patio ideal. Intervir na estética sempre que sexa cun fin determinado . Estudar os orzamentos que temos para comezar a por en marcha o noso proxecto.
 - Selección de propostas viables en función o noso orzamento.
 - Planificación por fases (corto, medio, longo prazo)
 - Redistribución do espazo: reducir a centralidade do pavillón e activar zonas exteriores sempre tendo presente primeiro tendo en conta se a socialización intergrupl vai ser a Libre Circulación.

O2506197-PFPP O2531102 Seminario: Creando e humanizando patios coeducativos 2025/2026

Curso Axustes Participantes Cualificacións Informes Máis

Xeral Contraer todo

PFPP do CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro
2025/2026

Neste curso reflectimos todo o traballo realizado ao longo do curso 2025/2026 en relación ao Seminario titulado "**O2506197 Creando e humanizando patios coeducativos**" que estamos a desenvolver dentro do PFPP do CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro.

<https://centros.edu.xunta.gal/ceipmanuel sueiro/aulavirtual/course/view.php?id=211>

5. METODOLOXÍA.

- Desenvolvemos unha metodoloxía práctica e participativa. Partimos de acordos verbais previos e exposicións de ideas.
- As reunións celebráronse baixo un marco de diálogo e abertas a compartir experiencias de todos os membros do grupo.
- Combinamos as sesións formativas destinadas ao estudo e análise de materiais mediante a lectura de libros e artigos relacionados coas temáticas seguintes: patios e parques dinámicos, lecturas sobre como adaptar os xogos ao alumnado TEA con apoios visuais, boas prácticas inclusivas en recreos, procesos inclusivos en educación, bases teóricas sobre o xogo activo e inclusivo, estratexias de sensibilización cara a inclusión.
- Coñecemos e reflexionamos sobre a normativa vixente de seguridade nos patios educativos.
- En ambos casos, ditas sesións incluíron un tempo para a reflexión en común, a toma responsable e consensuada de decisións e a determinación de tarefas para a súa execución en posteriores sesións de traballo no centro.

6. ORGANIZACIÓN DOS RECURSOS EMPREGADOS E MATERIAIS.

6.2. Persoais:

- Contamos co compromiso de colaboración de todos os seus membros.
- Tamén será necesaria o asesoramento dos membros do CFR. responsables do noso centro.
- Das sesións programadas con actividades de docencia encargouse Judit Santos Almeida e Diego García Hermida e a coordinadora do grupo de traballo.

MEMORIA GRUPO DE TRABAJO 02506197
CREANDO E HUMANIZANDO PATIOS COEDUCATIVOS 2025/2026

CEIP PLURILINGÜE MANUEL SUEIRO

6.2. Materiais:

Foron precisos os seguintes recursos materiais:

- Ordenadores.
- Un encerado dixital interactivo.
- Plastificadora, cámara de fotos, escáner...

7. TEMPORALIZACIÓN.

Seguimos a temporalización prevista no proxecto inicial e que foi a seguinte

DATA	ACTIVIDADE	HORAS	LUGAR
17/12/2025	Estudo e reflexión sobre o proxecto	3	CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro.
12/01/2025	Docencia: Xogo e cultura para naturalizar a infancia.	3	CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro.
19/01/2026	Reflexión sobre o proxecto.	3	CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro.
19/02/2026	Reflexión conxunta das necesidades a resolver a partindo dos resultados dos cuestionarios.	3	CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro.
7/04/2026	Docencia: Seguridade e naturalización.	3	CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro.
9/04/2026	Reflexión sobre a normativa de seguridade.	3	CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro.
16/04/2026	Zonificación dos espazos educativos.	3	CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro.
21/04/2026	Docencia: Análise do patio de xogo, equipamento e orzamento.	3	CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro.

MEMORIA GRUPO DE TRABALLO 02506197
CREANDO E HUMANIZANDO PATIOS COEDUCATIVOS 2025/2026

CEIP PLURILINGÜE MANUEL SUEIRO

22/04/2026	Reflexión dos aspectos máis relevantes do proxecto	3	CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro.
29/04/2025	Avaliación, memoria, dossier e obxectivos para o vindeiro curso escolar.	3	CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro.

8. PROCESOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN EMPREGADOS.

Como xa expuxemos anteriormente, a realización deste proxecto, de formación no centro, tivo para nós un balance moi positivo. Para a súa avaliación realizamos unha avaliación conxunta e outra individualizada

8.2. Avaliación conxunta.

Unha vez rematado o traballo, fixemos a valoración do funcionamento e organización do desenvolvemento do grupo de traballo:

O grao de participación e intercambio de experiencias entre os compoñentes do grupo.

Valoramos unanimemente dun xeito moi positivo este apartado xa que o grado de colaboración e participación de todos os membros foi moi alto na práctica totalidade das actividades propostas.

O seguimento e a adecuación da temporalización prevista. Intentamos respectar os tempos establecidos para cada tema e a orde establecida na primeira reunión do grupo. O tempo de traballo foi moi axustado para todas as actividades que se fixeron. En canto á temporalización hai que dicir que a seguimos segundo o proposto no proxecto inicial.

O nivel de satisfacción en relación ao seminario de formación foi moi positivo e como o punto de partida dun cambio profundo que debe estenderse no tempo. Para o curso seguinte, a nosa folla de ruta céntrase en humanizar e dar vida á zona do horto e aos espazos de xogo simbólico, baixo a máxima de que 'o que se faga, se faga ben'. Consideramos esencial acompañar esta transformación física cunha **formación específica** para o profesorado e coa

MEMORIA GRUPO DE TRABAJO 02506197
CREANDO E HUMANIZANDO PATIOS COEDUCATIVOS 2025/2026

CEIP PLURILINGÜE MANUEL SUEIRO

posta en marcha da **libre circulación**. Esta última será a clave para que o alumnado habite o patio desde a liberdade e o respecto, convertendo o lecer nun tempo de aprendizaxe integral.

8.3. Avaliación individualizada.

Para a realización desta actividade cada un dos membros do equipo cubriu unha enquisa de xeito individualizado. Resultados:

ENQUISA SOBRE O FUNCIONAMENTO DO SEMINARIO
Valor das puntuacións para as preguntas da enquisa: MOI POUCO (1) / POUCO (2) / SUFICIENTE (3) / BASTANTE (4) / MOITO (5)

I.- ÁMBITO INDIVIDUAL: repercusión no propio desenvolvemento persoal e profesional.

	BRANCO	MEDIA	MODA
O meu progreso no proceso formativo en relación co tema foi	0	5	5
O meu grao de satisfacción co traballo desenvolvido é	0	5	5
A formación acadada repercutiu no meu traballo diario	0	5	5
O compromiso coa miña propia formación foi	0	5	5
VALORACIÓN GLOBAL	0	5	5

II.- ÁMBITO GRUPAL: repercutiu na mellora da dinámica de traballo en grupo concretamente:

	BRANCO	MEDIA	MODA
Na mellora de toma de decisións consensuadas	0	5	5
No establecemento dun clima relacional positivo , gratificante	0	5	5
Na mellora de estratexias de traballo colaborativo	0	5	5
No compromiso co grupo	0	5	5
VALORACIÓN GLOBAL	0	5	5

III.- ÁMBITO INSTITUCIONAL: repercusión na mellora da educación que se imparte no centro.

	BRANCO	MEDIA	MODA
Os acordos e as conclusións obtidas vanse pondo en práctica	0	5	5
Axudou a establecer no centro dinámicas de reflexión e detección de ámbitos de mellora. de forma autónoma	0	5	5
As expectativas de mellora da calidade do ensino no centro, en relación co tema tratado, cumpríronse	0	5	5
Os obxectivos conseguíronse	0	5	5
VALORACIÓN GLOBAL	0	5	5

IV.- O ASESORAMENTO E APOIO POR PARTE DO CENTRO DE FORMACIÓN

MEMORIA GRUPO DE TRABALLO O2506197
CREANDO E HUMANIZANDO PATIOS COEDUCATIVOS 2025/2026

CEIP PLURILINGÜE MANUEL SUEIRO

	BRANCO	MEDIA	MODA
Deu resposta ás necesidades do grupo	0	5	5
As estratexias empregadas resultaron adecuadas	0	5	5
VALORACIÓN GLOBAL	0	5	5

V.- A DOCENCIA RECIBIDA resultou

	BRANCO	MEDIA	MODA
Adecuada para dar resposta ás necesidades do grupo	0	5	5
As estratexias empregadas resultaron adecuadas	0	5	5
VALORACIÓN GLOBAL	0	5	5

ORGANIZACIÓN

Debería mellorarse:
Ampliar a formación sobre o emprego de ferramentas de autor.
O que estivo ben foi:
<ul style="list-style-type: none"> • Os contidos traballados. • Facilitar os titoriais e documentación no curso da aula virtual. A coordinación entre os membros do Grupo de Traballo. • A coordinación coa Asesora do CFR de Ourense.

9. CONCLUSIÓNS. LOGROS E INCIDENCIAS NO CENTRO.

Despois de todo o manifestado ao longo desta memoria, só nos queda engadir que nos sentimos orgullosos e satisfeitos do traballo realizado, pois consideramos que foi de moita utilidade para o desenvolvemento da nosa labor educativa e tan importante para o noso alumnado. A implementación de dinámicas alternativas demostrou ser unha estratexia eficaz para a pacificación do espazo. Co obxectivo de que os **conflictos se reduzan** de xeito sostible, integráronse propostas que diversifican o lecer que rompen coa hexemonía dos xogos de contacto ou competición.

Destacamos, pola súa gran acollida, as seguintes iniciativas:

- **Carros de xogos:** Estacións móbiles que facilitan o acceso a materiais diversos (xogos de mesa, dominós, cartas, trompos, mesa ping-pong...), permitindo que o xogo xurda en calquera recuncho do patio.
- **Espazos de expresión (karaoke e danza):** A habilitación de zonas para a música e o karaoke permitiu canalizar a expresión emocional e o talento do alumnado, fomentando a cohesión do grupo e o respecto mutuo a través da arte. Isto levouse a cabo dentro dun programa de actividades a nivel de centro "FÁLAME BONITO" 21 días de retos, un proxecto de educación emocional coa intención de mellorar a forma de relacionarse do alumnado e a súa

visión de eles mesmos/as e do centro escolar. Estas actividades non só serven como distracción, senón que actúan como ferramentas de inclusión, ofrecendo un refuxio para aquel alumnado que busca un lecer máis creativo ou social, o que impacta directamente na baixada da conflitividade.

Sentímonos satisfeitos do traballo realizado, pois ao traballar en equipo as reflexións e os logros alcanzados son moito mellores. Cremos que é necesario continuar neste camiño para mellorar as relacións da noso centro non só do alumnado senón que se estenda ao resto da nosa comunidade educativa, que teñan un espazo que sexa restaurador de xogo xa que este ten moitos beneficiosos para o aprendizaxe, movemento, desenvolvemento emocional, canalización do trauma e redución de condutas de risco.

10. RELACIÓN DETALLADA DE MATERIAS DIDÁCTICOS E DOCUMENTOS QUE SE ENVIÁN.

Parte do traballo desenvolvido ao longo do curso 2025/2026 en relación a **“Creando e humanizando patios coeducativos”** no CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro aparece reflectido na nosa aula virtual que creamos para o Curso.

- Materiais elaborados. A elaboración de materias didácticos están recollidos na aula virtual do curso no que se poden observar documentos, cursos en moodle e vídeos empregados no curso 2025/2026.
- Todo o traballo realizado ao longo do curso está reflectido na nosa aula virtual nun curso que creamos para o Curso.

MEMORIA GRUPO DE TRABALLO O2506197
CREANDO E HUMANIZANDO PATIOS COEDUCATIVOS 2025/2026

CEIP PLURILINGÜE MANUEL SUEIRO

O2506197-PFPP O2531102 Seminario: Creando e humanizando patios coeducativos 2025/2026

Curso Axustes Participantes Cualificacións Informes Máis ▾

▼ Xeral

Contraer todo



PFPP do CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro
2025/2026



Neste curso reflectimos todo o traballo realizado ao longo do curso 2025/2026 en relación ao Seminario **titulado "O2506197 Creando e humanizando patios coeducativos"** que estamos a desenvolver dentro do PFPP do CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro.

<https://centros.edu.xunta.gal/ceipmanuelsueiro/aulavirtual/course/view.php?id=211>

Ourense, a 7 de maio de 2026

A Coordinadora.

Asdo. María del Mar Pereira Gil.

